



CIRCULAR A TODOS OS PAIS E NAIS SOBRE COMEDOR

Pola presente comunicáselles que se abre o prazo para solicitar prazas de comedor para o próximo curso 2011-2012 ata o día 30 de xuño.

Seguindo a instrución 4/2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e O.U. de 9 de xuño, **teñen que solicitar todos os interesados, incluídos os que son usuarios do comedor no presente curso. Poden retirar as solicitudes en Secretaría en conserxería ou descargala na páxina web do centro. As bases estarán expostas no taboleiro do centro**

CRITERIOS DE PREFERENCIA SEGUNDO A INSTRUCCIÓN 4/2010

Selección e admisión de usuarios

Nos casos en que existan máis solicitudes que prazas dispoñibles no comedor escolar, seguirase a seguinte orde de preferencia:

-Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, **salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido. As admisións derivadas de autorizacións excepcionais outorgadas para dito curso deberán ser avaliadas de acordo con estes criterios de preferencia como novas peticións.**

- Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña una discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe da asistente social do concello que corresponda.
- Alumnado membro de familias numerosas.
- Alumnado fillo de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fora da área de influencia que lles corresponde.
- Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

O Temple a 08 de xuño de 2011

A Dirección